

CCOO ASINA O XV CONVENIO XERAL DE CENTROS E SERVIZOS DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE

Iníciase a recuperación do poder adquisitivo perdido

A determinación e liderado exercidos pola Federación de Ensino de CCOO, con máis do 50% de representatividade na Mesa Negociadora, posibilitou, tras meses de negociación, a rúbrica hoxe do XV Convenio Colectivo de centros e servizos de atención a persoas con discapacidade, que mellora as condicións de máis de 200.000 traballadoras e traballadores do sector.

Con esta sinatura iníciase a tan ansiada recuperación do poder adquisitivo perdido durante os últimos anos. Os incrementos pactados, que nalgúns categorías profesionais sitúanse por encima do 20%, permiten dignificar uns salarios, especialmente naquelas persoas con retribucións máis baixas, que levaban desde 2016 sen ningunha actualización. Así mesmo, a introdución no redactado dunha cláusula de revisión salarial que garante como mínimo o incremento do IPC, supón unha lombeirada aos intereses do conxunto de traballadores e traballadoras, que verán incrementado así o seu poder adquisitivo.

Para CCOO, compaxinar traballo, vida familiar e lecer persoal, así como ter unhas condicións laborais dignas, é un aceno de identidade de calquera sociedade moderna. É por iso que o XV Convenio Colectivo introduce melloras neste sentido: complementáanse as baixas por incapacidade temporal ao 100% naquelas enfermidades graves reguladas polo RD 1148/2011 de 29 de xullo; redúcese a xornada anual en todas as categorías profesionais; elimínase o complemento de formación vinculado á avaliación da empresa; os permisos retribuídos pasan a computarse en días laborais; e introdúcese unha bolsa de 20 horas anuais retribuídas para situacións que, até o momento, non estaban reguladas.

Ademais, CCOO conseguiu establecer unha cláusula específica para que aqueles centros especiais de emprego que non teñan a consideración de iniciativa social e presten servizo a terceiros deban aplicar en materia salarial o establecido no convenio colectivo do sector de actividade no que os traballadores e traballadoras realicen as súas tarefas, sempre que as retribucións fixadas nestes sexan superiores ás establecidas nas táboas salariais do convenio de discapacidade. Desta maneira, ponse límites ao abuso dalgunhas entidades que se comportan como auténticas empresas multiservizos.

CCOO mostrarase vixiante e será contundente con aquelas entidades que pretendan eludir as melloras que o novo convenio representa para o conxunto de traballadores e traballadoras, especialmente para as persoas máis vulnerables.

Máis información. Secretaría de Comunicación de FECCOO, 628 09 18 54.

Santiago de Compostela

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 1º andar
CP 15707
Telf. 981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

A Coruña

Avda. Alfonso Molina, km 2, 3º andar
CP 15008
Telf. 981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Ferrol

Rúa María 42-44
CP 15402
Telf. 981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Lugo

Rolda da Muralla 58, 4º andar
CP 27002
Telf. 982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Ourense

Parque San Lázaro 12, 3º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Pontevedra

Rúa Pasantería 1, 2º andar
CP 36002
Telf. 986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Vigo


Rúa das Teixugueiras 11 entrechán
CP 36212
Telf. 986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

O Barco

Praza do Concello 2, 1º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es



APP
PARA MÓBILES
descarga gratuita!!!



Disponible na
App Store
DISPONIBLE EN
Google play

